

8. OBRADOIROS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL: O COMPOST NA CASA E NA ESCOLA

Grupo de E.A. de ADEGA

8.1. INTRODUCCIÓN

Adega oferta unha serie de actividades de educación ambiental a centros de ensino primario e secundario de toda Galiza. A relación destas actividades pode verse no cadro 8.1, e entre elas destacan aquelas relacionadas co lixo, incluído un obradoiro de compostaxe. Estas actividades contaron coa colaboración activa do profesorado de numerosos centros nos que xa se realizaron, que na maioría dos casos tiña tratado estes temas ou ía facer un seguimento dos mesmos.

Tamén se realizaron algunhas campañas de educación ambiental en barrios e asociacións culturais e veciñais, sobre todo obradoiros de reciclaxe de papel e de xoguetes de refugallo, así como xogos de rol e murais.



Figura 8.1. O grupo Oureol (Obradoiro Ambiental Oureol) elaborou un material orixinal, na forma de banda deseñada que se presenta por *televisión*, para divulgar o uso do compost. A súa utilización é moi sinxela, dura uns dez minutos, e todas as persoas interesadas poden pedilo á Federación Ecoloxista Galega (FEG).

8.2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍAS DOS OBRADOIROS RELACIONADOS CO LIXO

8.2.1. Obradoiro de fabricación manual de papel reciclado

A) Obxectivos:

- Fabricar papel reciclado

Cadro 8.1
ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DE ADEGA

1. Obradoiro de consumo responsábel e os 3R: redución, reutilización e reciclaxe
2. Obradoiro de fabricación manual de papel reciclado
3. Obradoiro de fabricación de xoguetes con materiais de refugallo
4. Elaboración de compost
5. Ecoauditoría: elaboración dun plan de reciclaxe no centro
6. Actividades sobre a importancia da auga
7. Elaboración artesanal de diaporamas de temática ambiental
8. Actividades na natureza:
 - a) Saídas de recoñecemento de árbores e elaboración de herbario
 - b) Visitas guiadas a: vertedoiros, depuradoras de auga, industrias, ecosistemas fluviais, centros comerciais,...
 - c) Elaboración de mapas de "puntos negros" próximos ao centro educativo ou ao barrio
 - d) Roteiros ecolóxicos
 - e) Elaboración de viveiros e plantación de árbores
9. Conferencias, vídeos e diaporamas sobre temas diversos: a auga e os ríos en Galicia, bosque autóctono, incendios, o lixo, contaminación atmosférica, enerxías alternativas, transporte, agroecoloxía, problemática ambiental na Galiza (os inimigos da natureza)...

-Sensibilizar aos/ás xoves en relación co respecto ao medio ambiente:

- Importancia dos tres R
- Uso do papel reciclado
- Problemática do lixo e a súa repercusión sobre a saúde
- Importancia do aforro enerxético
- A relevancia das actitudes individuais de cara á conservación do medio.

B) Materiais: Papel usado, cribos, trapos, bañeiras, pinzas, etc.

C) Duración aproximada: Dúas horas.

D) Desenvolvemento do obradoiro: O día anterior córtase o papel usado en anacos pequenos, e déixase en auga para facer a pasta coa que se elaborarán ao día seguinte os distintos materiais: folios, tarxetas, etc.

8.2.2. Obradoiro de fabricación de xoguetes con material de refugallo

A) Obxectivos:

- Que os rapaces e rapazas entendan a importancia de descubrir novos usos para os obxectos que normalmente van ao lixo
- Que comprendan a necesidade de reducir o consumo en xeral e de embalaxes en particular
- Que valoren a necesidade de aproveitar mellor os recursos intercambiando e reutilizando materiais fóra de uso
- Que comprendan a importancia dos procesos de reciclaxe na sociedade actual
- Que elaboren alternativas para evitar ou reducir o consumo de recursos non renovables para a reutilización dos mesmos

B) Materiais: Cartulinas, folios, cortiza, cola, botóns, fíos, residuos procedentes dos fogares.

C) Duración aproximada: Dúas sesións de unha hora como mínimo.



D) Desenvolvemento do obradoiro: O día anterior á primeira sesión o/a profesor/a avisa ao alumnado que cada quen traia obxectos ou material considerado inservíbel na súa casa, envolto de maneira que non se vexa o seu contido. Na primeira sesión búscanse usos alternativos aos obxectos individualmente e posta en común. Na segunda, construírse en grupos un obxecto, aparato, collage, ou deseño creativo a partires dos obxectos de refugallo.

8.2.3. Obradoiro de Consumo

A) Obxectivos:

- Análise da bolsa do lixo:
 - Coñecer a cantidade e composición do lixo que producimos nas nosas casas
 - Tratamento actual dos diferentes compoñentes e as súas alternativas
 - Incidir nos tres R
- Enquisa consumo responsable:
 - Reflexión sobre o consumo responsable
 - Minimización do consumo de recursos non renovabeis
 - Sociedade de consumo, comercio xusto e solidario.

B) Duración aproximada: 1h. 30min.

C) Materiais: unha bolsa de lixo por cada catro persoas, tesoiras, guantes de látex, mascariñas, báscula.

D) Desenvolvemento do obradoiro: Avisados da necesidade dunha bolsa de lixo para cada grupo de traballo, procédese á análise do seu contido; separación dos compoñentes e tratamento dos resultados. Contestarase a enquisa e farase unha valoración dos resultados.



8.2.4. Obradoiro de fabricación artesanal de compost


A) Obxectivos:

- Elaboración de compost caseiro ou a pequena escala (autocompostaxe)
- Necesidade da recollida selectiva en orixe dos residuos sólidos urbanos
- Revalorización do compoñente maioritario do lixo: a materia orgánica
- Utilidade do compost na agricultura, horta, xardinería, repoboacións, etc.

B) Duración aproximada: 1 hora.

C) Material: levar materia orgánica, previamente separada do lixo (restos de alimentos e de cociña, e restos de xardinería).

D) Desenvolvemento: Despois de elixir o lugar máis axeitado para o emprazamento da pila de compostaxe, estudíaranse as condicións necesarias para unha boa fermentación e comezase a colocación do material a compostar. Ensínase a construír un composteiro caseiro.



8.3. O COMPOST NA CASA E NA ESCOLA

En diferentes capítulos deste caderno abórdanse os principios da compostaxe e a descrición do proceso e das tecnoloxías. Aquí faremos repaso dalgunhas cuestións principais para poder realizar correctamente o compost na nosa casa, no colexio ou na urbanización. As persoas interesadas en afondar poden dirixirse a ADEGA para solicitar máis información e asesoramento.



8.3.1. O composteiro ou a pila de compost

Hai composteiros comerciais de pequeno tamaño, axeitados para unha vivenda e que se poden instalar incluso na terraza. Porén, o mellor é ter o composteiro no xardín ou na horta, nunha zona protexida do sol directo. Neste caso podemos construímos o noso composteiro en madeira, ou empregar calquera outro tipo de material (unha malla plástica ou metálica...) para conter o compost e darlle a forma necesaria ao montón. Pode empregarse algún tipo de lona ou capa para protexelo das choivas fortes.

8.3.2. Materiais que se utilizan para o compost

Calquera material de tipo orgánico e natural, non contaminado con substancias químicas, pode utilizarse para elaborar compost. Os restos de preparar as comidas, o esterco animal, os restos de plantas da casa ou do xardín, así como os restos forestais e de podas pódense combinar de forma adecuada para elaborar compost. Os restos da cociña, herba, follas e o esterco animal aportan humidade e nitróxeno, mentres que as podas, o material leñoso ou arbustivo e as serraduras aportan carbono, menos humidade, e danlle a pila de compost a estrutura necesaria para que entre o osíxeno necesario para a fermentación. É conveniente picar o material leñoso, ata anacos de menos de dez centímetros.



COLOCACIÓN DOS
DIFERENTES MATERIAIS
NA MOREA DE COMPOST

Cando se fai compost en pequena escala (moreas de menos de 1 m³), é mellor non engadir os excrementos de animais (a depuración pode non ser suficiente), e tampouco restos de peixe en grandes cantidades, pois estes causan mal olor moi rapidamente, se non se mesturan co resto do material de forma efectiva. Nunca se deben engadir residuos que podan contaminar o compost: restos de plantas tratados con herbicidas, papel impreso, material non orgánico...

8.3.3. Preparación da pila ou morea

Colocamos o material en capas de ata 20 cm, primeiro unha de material seco ou estruturante, despois outra de restos de cociña ou herba, e así sucesivamente, deixando por arriba sempre unha capa de residuos secos. Nos composteiros máis pequenos non é preciso voltear, e tampouco nas moreas algo máis grandes cando o material se vai engadindo día a día. No caso de preparar unha morea grande nun mesmo día, compre volteala ao cabo dunha semana, e despois cada quince días durante dous meses. O compost pode considerarse feito entre os tres e os seis meses.

8.3.4. Condicións necesarias para unha boa fermentación

As principais condicións están relacionadas coa aireación, a humidade e a composición. Se o compost cheira mal, pode deberse a falta de osíxeno, e hai que voltear o compost. En relación coa humidade: O material debe permanecer húmido durante o proceso de compostaxe: ao coller unha manchea e apertar debe mollar a man pero non gotear (humidade axeitada). Cando hai demasiada humidade, o osíxeno circula con dificultade, polo que poden aparecer cheiros. A solución está en engadir material seco e de maior tamaño ou estrutura, así como voltear a morea de compost. Cando falta humidade, abundará con regar lixeiramente.

Han de utilizarse cantidades equilibradas dos diferentes tipos de compost, mesturando unha parte de material húmido con outra parte igual ou maior de material seco. Desta forma acádase unha estrutura e unha relación carbono-nitróxeno axeitadas. Cando se percibe olor a amoníaco, é que temos exceso de material proteico. A combinación dos restos da cociña con cantidades similares ou maiores de restos de xardín e podas ofrece resultados adecuados.

